

O 4 de decembro de 2017 o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, asinou co Concello de Santiago de Compostela un Convenio para contribuír a mellora dos servizos públicos da cidadanía impulsando o desenvolvemento de proxectos singulares de innovación tecnolóxica, encamiñados á resolución de retos de sustentabilidade e mellora da eficiencia na prestación dos servizos públicos e entre eles, a mellora da mobilidade no casco histórico da nosa cidade, a través do fomento da innovación empresarial no desenvolvemento de solucións para necesidades non cubertas dos servizos públicos baseadas na demanda, o que hoxe coñecemos como o proxecto SMARTIAGO.

O Pleno de novembro de 2017 aprobou o convenio, cofinanciado con fondos europeos e se iniciaron os procedementos de contratación encamiñados a poñer en práctica os obxectivos deste proxecto, un deles é desenvolver un sistema de xestión e predición dos aspectos críticos da mobilidade do centro e casco histórico da cidade.

A instalación de cámaras intelixentes en distintos puntos permitirá acadar os obxectivos do proxecto SMARTIAGO, mellorando a mobilidade e a protección do noso patrimonio histórico e cultural, contribuíndo así a preservalo mediante o deseño e implementación de sistemas que permitan:

- Medir ou inferir a masa dun vehículo de reparto e o seu contido.
- Identificar e clasificar obxectos e/ou vehículos ou das súas características no espazo urbano.
- Realizar predicións das condicións de tráfico e de fluxos de peóns, así como das recomendacións necesarias para a xestión dos mesmos, en base a series históricas e perspectivas de condicións urbanas.
- Diagnosticar de xeito avanzado os niveis de contaminación ambiental e acústica que producen os vehículos a motor de combustión e que afectan a os peóns e a o noso patrimonio histórico e cultural.

Para acadar estes obxectivos é necesaria a instalación de cámaras intelixentes, con seus correspondentes armarios que se situarán en diversos emprazamentos do casco histórico, algunhas delas en edificios públicos e outras en propiedades privadas, para cubrir todo o ámbito.

Por elo, comunicamos ás institucións responsables e os veciños propietarios de inmobles do casco histórico a necesidade de situar estas cámaras nas fachadas das súas propiedades e pregámoslle a súa

colaboración voluntaria neste proxecto de innovación que dotará á cidade dunhas instalación necesarias para acadar os retos expostos, de conformidade co disposto no artigo 18.1,b da Lei de Bases de Réxime Local.

Os edificios nos que se proxecta a instalación son os seguintes:

- Facultade de Menciña e Odontoloxía na rúa San Francisco.
- Praza de San Miguel dos Agros nº 5
- Rúa Ácibechería: nº 29 e 31
- Rúa Casas Reais nº 40
- Avda. Rodrigo de Padrón, edificio de Correos
- Rúa do Franco: nº 17 e 21
- Rúa da Raiña nº 9
- Rúa da Gongra nº 1
- Cantón de San Bieito nº 12
- Rúa do Vilar nº31 e 33
- Praza de Mazarelos nº 7
- Rúa da Cruz de San Pedro nº 15
- Rúa de San Pedro nº 124
- Rúa Loureiros nº 1
- Rúa Costa Vella nº 17
- Praza do Obradoiro, Pazo de Raxoi
- Praza do Obradoiro, Reitorado USC
- Rúa do Franco nº 2
- Rúa da Algalia de Arriba nº 18
- Rúa de Algalia de Abaixo nº 30
- Praza das Praterías, Museo das Peregrinacións
- Rúa do Preguntoiro nº1 e 36

- Praza de Cervantes nº 5
- Praza de Salvador Parga nº 8
- Rúa das Casas Reais nº 9
- Rúa de Xelmírez nº 6
- Rúa Nova nº 2
- Praza do Toural nº 1
- Praza de Irmán Gómez, Cocina Económica
- Praza da Quintana de Vivos (Casa da Parra)
- Rúa da Porta Faxeira nº 1
- Rúa da Calderería nº 57
- Rúa do Cardeal Payá nº 1
- Cantón do Toural nº 1.

Na confianza de contar coa colaboración dos veciños propietarios e dos organismos e institucións afectados e co compromiso municipal de que calquera dano que como consecuencia da instalación se poida irrogar será debidamente compensado ou indemnizado polo Concello, asino o presente Bando en Santiago a

O ALCALDE